



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 22 DE MAIO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo dun treito da estrada provincial EP-5202 Arbo-Embarcadoiro.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se valora favorablemente a tramitación pola Secretaría Xeral da Emigración da continuación de procedementos xa iniciados cara a concesión de subvencións, segundo o previsto no acordo do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020, publicados por Resolución do 3 de abril de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (Anfaco-Cecopesca) no marco da iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura (Perú), por importe total de cento corenta e nove mil novecentos setenta e sete euros con corenta e dous céntimos (149.977,42 €).
- Acordo polo que se valora favorablemente a tramitación pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da continuación de procedementos xa iniciados cara á concesión de subvencións segundo o previsto no acordo do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020, publicado por Resolucións do 3 de abril de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que valora favorablemente a continuación pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dos expedientes de contratación e de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dous procedementos de adxudicación de contratos do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

- Acordo polo que se valora favorablemente o inicio do expediente para realizar unha oferta pública de adquisición, polo IGVS, mediante compra, de inmobles situados nos núcleos históricos, dos concellos da Coruña, Mondoñedo e Ribadavia, para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación, por un importe máximo dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Valga (Pontevedra) para a construción de embarcadoiro no termo municipal, por un importe de douscentos setenta e catro mil setecentos corenta e tres euros con vinte céntimos (274.743,20 €), IVE excluído.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre medidas adoptadas en materia de solo empresarial como consecuencia da covid-19.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe das axudas á renovación de electrodomésticos e domótica enerxética.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe do 2º semestre de 2019, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.
- Informe sobre prezos públicos correspondentes a obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2020/2021.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE



## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación da subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar a covid-19 de monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados para hospitais e actualización de cabeceiros da URPA da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de setecentos doce mil novecentos oito euros con vinte e un céntimos (712.908,21 €).

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre as medidas de reforzo extraordinario dos servizos sociais comunitarios para a atención das persoas en risco de exclusión social máis prexudicadas polo impacto da crise da covid-19.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as principais novidades e actualizacións do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2020 (Pladiga).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ARBO DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA ESTA VILA CO EMBARCADOIRO**

- *Trátase dun treito de 578 metros da estrada EP-5202*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo dun treito da estrada provincial EP-5202 que comunica esta vila co Embarcadoiro.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade dun treito de 578 metros da vía provincial, dende o punto quilométrico 1+165 o 1+743. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia do citado treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Arbo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



## A XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS AO EMIGRANTE RETORNADO, QUE SE PODEN SOLICITAR ATA O 31 DE AGOSTO

- *O Consello da Xunta autorizou a seguir coa tramitación da orde, que consiste nun pago único que busca axudar aos que retornan a Galicia a facer fronte aos gastos derivados da súa volta*
- *As familias con nenos menores de idade recibirán 1.000 euros por cada un dos dous primeiros e 1.500 euros polo terceiro e sucesivos*

O Consello da Xunta vén de garantir a continuidade da convocatoria das Axudas Extraordinarias ao Emigrante Retornado da Secretaría Xeral da Emigración, cuxo prazo de solicitudes remata o 31 de agosto. Poden acollerse a esta convocatoria os galegos que regresaran á comunidade desde o exterior nos últimos dous anos, xa que esta convocatoria busca darlles un apoio para que poidan facer fronte aos gastos extraordinarios derivados da súa volta á Galicia. Trátase dun pago único que conta cun orzamento total de 1,9 millóns de euros. O obxectivo desta orde do goberno galego, que se mantén aberta desde o pasado 17 de marzo, é facilitar o retorno a aqueles galegos que queiran regresar á súa terra, e inclúe un complemento de 1.000 euros para as familias por cada fillo menor de idade ata o segundo, e de 1.500 para o terceiro e sucesivos.

A solicitude destas axudas pode realizarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente no Rexistro ordinario da Xunta. As persoas interesadas poden obter información no Portal Retorna da web da Secretaría Xeral da Emigración, Galicia Aberta ([emigracion.xunta.gal](http://emigracion.xunta.gal)), e nas propias sedes da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retornado, situadas en Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, que seguen a atender e asesorar ao público a través do correo electrónico e do teléfono.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA DESTINA 250.000 EUROS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN EN PERÚ E DE AXUDA HUMANITARIA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS

- *Anfaco-Cecopesca vai desenvolver o proxecto "Incrementar a competitividade do sector pesca artesanal e acuicultura na Bahía de Sechura en Perú cun orzamento de preto de 150.000 euros*
- *Dase continuidade á tramitación do proxecto posto en marcha por SOGAPS de urxencia alimentaria á poboación saharauí cunha axuda de 100.000 euros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo aos convenios polos que por unha banda autoriza o convenio con Anfaco-Cecopesca para seguir levando a cabo proxectos de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal en Perú, e por outra banda, autoriza continuar coa tramitación do proxecto de atención alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauís a causa da covid-19, cun importe que ascende a 250.000 euros

No ano 2015 tivo lugar a sinatura dun Memorando de Entendemento Marco de Cooperación entre o Ministerio da Producción da República do Perú e a Xunta, para colaborar na posta en marcha de proxectos e iniciativas de cooperación técnica, científica, tecnolóxica e de xestión, que deriven na mellora da xestión, produción e comercialización dos produtos pesqueiros e acuícolas, e que incrementen o desenvolvemento das poboacións costeiras, mediante a explotación racional e sostible dos recursos hidrobiolóxicos.

Polo que durante o ano pasado, en desenvolvemento desta iniciativa, Anfaco-Cecopesca realizou accións de melloras tecnolóxicas na cadea produtiva de concha de abanico na Baía de Sechura e xestión de residuos, das que se pretende teñan continuidade para a súa implantación e nos anos 2020 e 2021, polo que Anfaco vai desenvolver o proxecto *Incrementar a competitividade do sector pesca artesanal e acuicultura na Bahía de Sechura a través do fortalecemento institucional e organizacional, a adopción de tecnoloxías e a sustentabilidade ambiental* que conta cun investimento por parte do Goberno galego de preto de 150.000 euros.

Por outra banda, autorizouse dar continuidade á tramitación do proxecto posto en marcha por SOGAPS (Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharui) de urxencia alimentaria por importe de 100.000 euros, seguindo co Plan Anual 2020 que establece a continuidade do apoio outorgado á poboación saharauí, sendo esta unha constante na planificación da Cooperación Galega.

Dende o ano 2006 a Xunta vén colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) no financiamento de diferentes proxectos. Con motivo da emerxencia declarada pola pandemia do COVID 19 que afecta a nivel global, neste ano 2020 faise necesario orientar o convenio para dar resposta ás necesidades máis



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

urxentes da poboación saharauí en relación a esta crise, polo que se persigue o obxectivo de contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AO IGVS A LICITAR E CONTRATAR OBRAS POR MÁIS DE 6,2 MILLÓNS DE EUROS

- *Poderá continuar a tramitación do expediente para a adxudicación da obra de rehabilitación de 8 vivendas en Cerdedo-Cotobade e do proxecto de urbanización da ampliación de San Paio de Navia, en Vigo*
- *Tamén poderá reiniciar os expedientes para licitar as obras de construción de 24 vivendas de promoción pública en Santiago de Compostela, a reparación de 9 vivendas de promoción pública en Mugardos, a rehabilitación de dous inmobles para vivendas de promoción pública en Vilalba e do antigo Hospital de San Miguel, no barrio lucense da Tinería, e a reparación exterior de dous bloques de vivendas do poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces*

O Consello da Xunta de Galicia valorou favorablemente a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a continuación dos expedientes de licitación e adxudicación da varias obras de construción e rehabilitación de vivendas e inmobles por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cun investimento total de 6.263.774,2 euros.

Desta maneira, o Instituto Galego da Vivenda e Solo continuará coa tramitación do expediente para a adxudicación da rehabilitación de oito vivendas en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), para as que xa existe unha proposta de adxudicación da mesa de contratación, por importe de 688.473,72 euros (IVE incluído).

Esta obra completará a actuación xa iniciada coa rehabilitación das dúas primeiras vivendas e as cubertas de todo o grupo de 10 vivendas, obra na que o IGVS investiu máis de 330.000 euros. As dúas vivendas rehabilitadas xa foron entregadas ao seus adxudicatarios.

A obra consistirá na rehabilitación de oito vivendas unifamiliares, compostas de planta baixa e primeiro andar, cunha superficie útil de 83,30 metros cadrados e dotadas de dous dormitorios cada unha.

Ademais poderase adxudicar a redacción do proxecto de urbanización das fases 1, 2 e 3 da ampliación de San Paio de Navia, en Vigo, que foi licitado por importe de 263.780 euros.

#### Licitacións

Por outra parte, o IGVS continuará coa tramitación dos expedientes para a licitación de unha obra de construción de vivendas de promoción pública e catro obras de rehabilitación de inmobles existentes.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As novas vivendas de promoción pública construíranse no concello de Santiago de Compostela, nunha parcela propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo emprazada no Sunp 13 (carretera da Estrada), cuxa construción se licitará por importe de máis de 3,51 millóns de euros.

Doutra banda, tamén continuará o expediente para a licitación de obras de reparación da cuberta e reparacións interiores nun grupo de nove vivendas de promoción pública existentes no concellos de Mugardos (A Coruña). Esta obra licitarase por un importe próximo aos 280.000 euros.

Asemade, continuará a tramitación de tres expedientes de rehabilitación de dous inmobles adquiridos polo IGVS no concello de Vilalba, nos que se obterán dúas vivendas de promoción pública. A obra licitarase por un importe total de máis de 396.000 euros.

O IGVS tamén continuará a tramitación do expediente para a licitación das obras de rehabilitación do antigo Hospital de San Miguel, emprazado no barrio da Tinería (Lugo), no que se investirán máis de 610.000 euros.

Finalmente, rematarase o expediente para a licitación das obras de reparación e conservación exterior de dous bloques de vivendas do poboado mineiro de Fontao, no concello de Vila de Cruces, por importe de 243.586,84 euros

### Licitación de proxectos

Por outra parte, o organismo dependente de Medio Ambiente continuará tramitando os expedientes para a licitación da redacción dos proxectos de rehabilitación de dous inmobles no conxunto histórico de Ourense (124.133,53 euros) e da dirección de obra e coordinación de seguridade da construción de 24 vivendas de promoción pública en Santiago de Compostela (146.410 euros).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA LANZARÁ UNHA OFERTA PÚBLICA DE 1,5 M€ PARA ADQUIRIR INMOBLES NA CORUÑA, MONDOÑEDO E RIBADAVIA AO ABEIRO DO PROGRAMA REXURBE**

- *O Instituto Galego da Vivenda e Solo adquirirá inmobles en conxuntos históricos das vilas galegas co fin de rehabilitalos e ofrecer vivendas en alugueiro ao veciños*
- *No caso da Coruña, o ámbito que se delimita para a adquisición coincide cas partes mais degradadas da zona denominada Pescadería, que está incluído no Plan Especial Cidade Vella-Pescadería*
- *Esta oferta pública de 2020 dá continuidade a realizada en 2018 e 2019, polas cales se adquiriron 37 inmobles nos concellos de Betanzos, Ferrol, Lugo, Ourense, Ribadavia e Tui*

O Consello da Xunta de Galicia valorou favorablemente a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a lanzar nas vindeiras semana unha oferta pública por importe de 1,5 millóns de euros para adquirir inmobles na Coruña, Mondoñedo e Ribadavia, ao abeiro do Programa Rexurbe. Deste xeito, o Instituto Galego da Vivenda e Solo realizará unha nova oferta pública de adquisición de inmobles en conxuntos históricos, dando continuidade ao esforzo de rexeneración urbana das dúas anteriores ofertas, facendo fronte ás necesidades de posta en valor dos nosos conxuntos históricos.

A oferta relativa ao exercicio de 2020 vai dirixida a ámbitos urbanos dos conxuntos históricos da Coruña, Ribadavia e Mondoñedo. Este último concello, precisamente, foi o primeiro no que se declarou unha Área Rexurbe, unha figura novidosa que recolle a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia; mentres que no caso da Coruña e Ribadavia, xa están a traballar co mesmo obxectivo e, de feito, o concello coruñés vén de presentar esta mesma semana ante o IGVS a súa solicitude formal para obter dita declaración.

En canto ao Programa Rexurbe, destinarase un importe global de 1,5 millóns de euros, asignando á Cidade da Coruña un millón de euros, tendo en conta a dimensión do ámbito, aos prezos de referencia das edificacións incluídas no mesmo, a que xa esta presentada a solicitude declaración de Area Rexurbe e a que é a primeira vez que se realiza unha oferta neste concello. O ámbito que se delimita para a adquisición coincide cas partes mais degradadas da zona denominada Pescadería, que está incluído no Plan Especial Cidade Vella-Pescadería.

Ao Concello de Mondoñedo asígnaselle, 300.000 euros, por ter xa a declaración de Area Rexurbe e moi avanzado a redacción do Plan de dinamización. Ademais é a primeira oferta que se realiza neste concello. O ámbito que se delimita para a adquisición coincide basicamente co Casco histórico de Mondoñedo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No caso de Ribadavia, consígnanselle 200.000 euros, que se suman os destinados na convocatoria do anterior exercicio. O ámbito que se delimita para a adquisición coincide basicamente co Casco histórico de Ribadavia.

Segundo as estimacións realizadas polo IGVS, os 1,5 millóns de euros da actual convocatoria permitirá adquirir uns 25 inmobles, para habilitar máis de 50 vivendas, aínda que o número definitivo dependerá dos inmobles adquiridos e dos proxectos construtivos e de rehabilitación de cada un. En todo caso, as vivendas resultantes pasarían a incrementar o parque de vivendas de promoción pública do IGVS, que serían adxudicadas a outras tantas familias contribuindo a fixar poboación nestes conxuntos históricos contribuindo á súa dinamización e rexeneración urbana.

Compre recordar que na oferta de 2019, a Xunta de Galicia adquiriu 11 inmobles en estado de abandono ou semiabandono nos cascos vellos de Betanzos, Ferrol, Ribadavia e Tui para proceder á súa rehabilitación; mentres que na primeira das convocatorias (a de 2018) se adquiriron 26 inmobles nos conxuntos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 330.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADOIRO NO CONCELLO DE VALGA PARA IMPULSAR O SEU TURISMO NÁUTICO**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre Portos de Galicia e o Goberno local para a execución do proxecto que permitirá recuperar o antigo embarcadoiro de Campaña*
- *O Executivo galego retoma a tramitación desta actuación no marco do estado de alarma polo coronavirus ao considerala esencial polo interese xeral, por ser clave na recuperación do patrimonio histórico da ruta marítima de portos xacobeo de cara ao Ano Santo 2021 así como para reactivar a economía*
- *As obras consisten na instalación dun pantalán aboiante e o acondicionamento e mellora tanto do camiño de acceso ao embarcadoiro como da súa contorna*
- *Esta actuación pretende potenciar o valor natural e ambiental da zona e promover o turismo para xerar riqueza no municipio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, e o Concello de Valga para a execución do proxecto de construción dun embarcadoiro no municipio que permita impulsar o turismo náutico e xere riqueza na contorna. O proxecto, cun investimento de máis de 330.000 euros, supón recuperar o antigo embarcadoiro da zona de Campaña e pretende dar resposta á elevada afluencia de visitantes que recibe este municipio durante os períodos estivais.

A tramitación do convenio estivo paralizada pola suspensión de prazos derivada da declaración do estado de alarma polo coronavirus pero retómase despois da aprobación dunha resolución motivada pola que se declara esencial esta obra. O Executivo galego entende que esta actuación está xustificada pola protección do interese xeral, pola urxencia da súa execución posto que participa da finalidade de recuperación do patrimonio histórico da ruta marítima de portos xacobeo de cara ao Ano Santo Xacobeo 2021 así como pola importancia de ir reactivando progresivamente a economía galega trala alerta sanitaria.

O convenio, que regula as obrigas de cada unha das partes, establece que Portos de Galicia será a encargada de licitar, contratar, dirixir e executar as obras, mentres que o Concello de Valga debe aportar os terreos necesarios para acometer o proxecto así como conceder ou xestionar os permisos, autorizacións e concesións requiridos para poder desenvolver todas as actuacións na zona. Ademais, unha vez concluídos os traballos, asumirá tanto o mantemento e conservación das instalacións como a súa vixilancia e custodia.

O proxecto prevé a rehabilitación do antigo embarcadoiro de Campaña co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na ría de Arousa e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

así atraer fluxo turístico da contorna. Con ese obxectivo, instalaranse un pantalán aboiante de aluminio de 24 metros de lonxitude, unha pasarela e unha rampla para permitir o acceso ás embarcacións. Tamén se acondicionará o camiño de chegada ao embarcadoiro mediante o estendido e compactado de saburra.

Os labores incluídos no proxecto que vai licitar Portos de Galicia tamén supoñen acondicionar a contorna do embarcadoiro, co levantamento dun muro, o pavimentado da explanada anexa ao camiño de acceso ao pantalán ou a instalación de cinco bancos de madeira para delimitar a zona de aparcadoiro, entre outros.

Esta actuación dá resposta a unha demanda histórica da vila e permite recuperar o embarcadoiro existente no pasado na zona de Campaña. O novo pantalán contribuirá a potenciar o valor natural e ambiental do concello así como a promocionar o turismo náutico, o que redundará na xeración de riqueza na contorna. O prazo de execución das obras é de cinco meses, que comezarán a contar unha vez contratados os traballos, logo da sinatura do convenio por ambas partes e tras completarse todo o procedemento de licitación.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo, crearase unha comisión de seguimento que estará presidida pola presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, ou por en quen ela delegue, e contará con dous vogais en representación do ente público e outros dous por designación do Concello de Valga. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio e resolver calquera controversia que puidese xurdir sobre a súa interpretación ou execución.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA FLEXIBILIZA AS CONDICIÓNS DE ADXUDICACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL PARA FACILITAR A REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA

- *Con relación ás parcelas xa asignadas, adoptáronse medidas para paliar o impacto da covid-19 como o aprazamento do cobro dos recibos de abril e maio, a posibilidade de establecer unha carencia dun ano no pago do canon de dereito de superficie ou a ampliación dos prazos máximos para completar a instalación das empresas*
- *Tamén se aplicarán melloras nas novas adxudicacións en dereito de superficie, con tres anos de carencia e aumentando de seis a oito anos o período para poder comprar as parcelas a prezo bonificado*
- *No que respecta aos novos solares adquiridos en compravenda, ampliase dun mes a seis meses o prazo para o pago dos mesmos*
- *Estas medidas aplicaranse a todo o solo empresarial que se adxudique ata 12 meses despois do remate do estado de alarma*

A Xunta de Galicia adoptou toda unha serie de medidas de flexibilización na adxudicación do solo empresarial da súa propiedade co obxectivo de facilitar o acceso ao mesmo por parte de novas empresas interesadas en asentarse nos parques empresariais galegos, así como para facilitar a continuación da actividade daquelas que xa son adxudicatarias de solo. Así se recolle nun informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que foi analizado esta mañá polo Consello da Xunta.

As medidas, adoptadas por acordo do Centro de Coordinación Operativa na súa reunión do pasado 5 de maio, buscan facilitar a reactivación da economía galega afectada polo impacto da covid-19 e están dirixidas tanto ás empresas ás que xa se lle adxudicaron parcelas en alugueiro ou en dereito de superficie, como a aquelas ás que se lles asigne solo industrial ata 12 meses despois do fin do estado de alarma.

#### **Parcelas xa adxudicadas**

No caso das parcelas xa adxudicadas -tanto en alugueiro como en dereito de superficie- cómpre lembrar que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a empresa pública Xestur non pasaron ao cobro os recibos correspondentes aos meses de abril e maio, cuxo pago se poderá facer, por tanto, de forma aprazada.

Ao mesmo tempo, acordouse ofrecer unha carencia de 12 meses no pagamento do canon en dereito de superficie para facilitar a recuperación das empresas instaladas. Os interesados poderán solicitar a súa aplicación ata tres meses despois do remate do estado de alarma e o importe do canon correspondente ao período de carencia poderá ser aboado nun prazo de ata oito anos, contados a partir da finalización do ano de exención.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Finalmente, tamén se acordou a posibilidade de conceder prórrogas ou ampliación de prazos para o cumprimento de obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial en réxime de compravenda ou en dereito de superficie que así o soliciten. Esta medida incidirá de maneira especial nos prazos de edificación e implantación de actividade nas parcelas asignadas, sempre que quede debidamente acreditada a incidencia que tivo a covid-19 para o solicitante.

A prórroga beneficia principalmente aos adxudicatarios de solo empresarial bonificado, que teñen como obriga esencial a de construír as súas instalacións e dispoñer da licenza de actividade no prazo máximo de tres anos dende a formalización do contrato. A situación provocada pola pandemia e o estado de alarma, sen embargo, pode dificultar de forma importante o cumprimento deste requisito, que se flexibiliza co fin de que non actúe como un obstáculo para a implantación das empresas nos parques empresariais da Xunta de Galicia.

**Próximas adxudicacións**

Polo que respecta ás parcelas que se adxudiquen nos 12 meses posteriores á finalización do estado de alarma, aplicaranse novas condicións que melloran as establecidas con carácter xeral. Tamén neste caso poderán beneficiarse as empresas adquirentes de solo en dereito de superficie ou en compravenda.

Así, no caso de parcelas en dereito de superficie incrementanse os prazos actuais do período de carencia e para a adquisición da parcela co desconto do 40% do pagado como canon e con bonificación do prezo, tal como se indica:

	ACTUALMENTE	COAS MEDIDAS ACORDADAS
Carencia	1 ano	3 anos
Opción a compra con desconto do 40% das cantidades satisfeitas	10 primeiros anos	12 primeiros anos
Opción a compra con prezo bonificado	6 primeiros anos	8 primeiros anos

Polo que respecta ás parcelas que se adxudiquen en réxime de compravenda ata 12 meses despois do remate do estado de alarma, alongarase o prazo para o pago da parcela. Actualmente, as empresas dispoñen dun mes desde a notificación da adxudicación e coas medidas adoptadas pasarán a ter seis meses.

Os adxudicatarios de solo empresarial con estas novas condicións terán que seguir cumprindo co resto de obrigas establecidas nos pregos, especialmente coa de





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

construír as súas instalacións e obter licenza de actividade no prazo máximo de tres anos dende a formalización da adxudicación.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA AXUDARÁ A 9.000 FAMILIAS GALEGAS A AFORRAR NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA A TRAVÉS DA RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS E A INCORPORACIÓN DE TECNOLOXÍA DOMÓTICA**

- *No contexto do Plan de reactivación da economía galega, o Goberno autonómico aproba as bases da convocatoria, que conta cun orzamento de 1,75M€*
- *Os consumidores vulnerables poden optar á axuda máxima de ata 450€ por electrodoméstico*
- *Os apoios favorecerán a mobilización directa de 5,6 millóns de euros, así como unha redución de emisións de CO2 equivalente á acción de 31.000 árbores e a creación ou mantemento de 76 empregos*
- *Será subvencionable a renovación de frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas e encimeras por outras de clase A+++*
- *No apartado de domótica enerxética apoiarase a monitorización enerxética e a instalación de sensores de humidade, temperatura, CO2, radón e termostatos, así como medidores de consumo e programas de acendido*

O Consello da Xunta autoriza as axudas para a renovación de electrodomésticos e domótica enerxética -unha liña de apoios enmarcada no Plan de reactivación económica tras a crise da covid-19- da que se poderán beneficiar máis de 9000 familias que aforrarán 270.000 euros ao ano na súa factura enerxética.

O programa conta cun investimento de 1,75 M€ co que se prevé mobilizar 5,6 M€, conseguir un aforro enerxético anual de 2090 MWh e unha redución de emisións de CO2 equivalente á acción de 31.000 árbores, así como a creación ou mantemento de 76 empregos.

Por unha parte, apoiarase a renovación de electrodomésticos -frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas e encimeras- por outros novos da mesma tipoloxía e con etiqueta de clasificación enerxética A+++. As axudas serán de ata o 25% do prezo para os consumidores xerais, de ata o 50% para os vulnerables, alcanzarán o 75% no caso dos consumidores vulnerables severos e oscilarán entre os 100 e os 450 euros por electrodoméstico. Cada beneficiario poderá recibir unha axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada tipoloxía ata un máximo de dous por persoa, polo que a axuda final pode alcanzar os 900 euros, segundo o tipo de consumidor e electrodoméstico.

En canto á liña de domótica enerxética, apoiarase a monitorización térmica da vivenda (con sensores de humidade, temperatura, CO2, radón e termostatos comunicados cun equipo centralizado) e a monitorización eléctrica da vivenda (con medidores de consumo, racionalizadores de potencia e programación de acendidos). As axudas máximas serán de 500 euros por equipo, alcanzando o 50% do prezo da instalación



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

para os consumidores xerais, o 65% para os vulnerables e o 80% para os severos. Cada beneficiario só poderá recibir unha axuda para unha vivenda.

As axudas serán de concorrencia non competitiva e tramitaranse a través de entidades colaboradoras que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. Poderán ser establecementos comerciais que se dediquen de forma total ou parcial á venda de electrodomésticos ou empresas de instalación de baixa tensión, instalacións térmicas ou provedoras de solucións tecnolóxicas.

O prazo para que as entidades colaboradoras se adhiran irá do 26 de maio ao 30 de xullo e o prazo para presentar solicitudes comezará o 1 de xullo, no caso de renovación de electrodomésticos, o 2 de xullo para a domótica enerxética e rematará o 30 de setembro ou cando se esgote o crédito.

Enmarcado no Plan galego de eficiencia enerxética nas familias 2020 que promove a Xunta a través do Inega, con esta medida, ademais de diminuír o consumo de enerxía aumentando a eficiencia enerxética e avanzar cara unha economía máis verde; preténdese apoiar ás familias nestes momentos de dificultade -sobre todo no caso das máis vulnerables- posibilitando reducir a súa factura enerxética. Neste sentido, súmanse a outras iniciativas como o bono social eléctrico que, no que vai de ano, xa leva achegado 847.650 euros a un total de 2593 familias galegas.

Por outra banda, tamén é un xeito de utilizar o aforro enerxético e o autoconsumo eléctrico como panca para impulsar a economía e xerar emprego, reactivando o tecido comercial e empresarial relacionado con estas axudas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA ASINOU CONVENIOS COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS POR IMPORTE DE MÁIS DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2019**

- *A achega económica total incrementouse nun 71,25%*

A Xunta de Galicia (a través das súas diferentes Consellerías e organismos) asinou no segundo semestre de 2019 un total de 32 convenios de colaboración coas tres universidades galegas, o que supuxo unha achega de 3.326.372,26 euros, un 71,25% máis que no mesmo período do ano anterior. O importe medio que representou cada convenio para as universidades experimentou un ascenso que vai desde os 64.745,08 euros no segundo semestre do ano 2018 ata os 103.949,13 euros no segundo semestre de 2019 (60% máis).

Así o recolle o informe semestral ao respecto analizado hoxe no Consello da Xunta, no que se especifica que o maior número de accións corresponde a apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación, cun total de (8 convenios), e os de financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente (8 convenios). Séguenlle os acordos para o apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (7 acordos), os de apoio para inserción laboral dos titulados dirixidos ao alumnado universitario galego (6 convenios), e os dirixidos ao apoio para a implantación do sistema docente (3 acordos).

Por número de convenios o departamento da Xunta que máis acordos asinou coas universidades foi a Consellería de Economía, Emprego e Industria (7), seguida da do Mar (6). Pola súa banda, a de Sanidade e a Presidencia da Xunta asinaron 4 cada unha; as de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Política Social, 3 cada unha; a do Medio Rural asinou 2, e as de Cultura e Turismo, Facenda e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, 1 cada unha.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**EDUCACIÓN BAIXARÁ OS PREZOS DOS MÁSTER UNIVERSITARIOS ATA EQUIPARALOS COS DE GRAO, QUE SE MANTERÁN CONXELADOS POR DÉCIMO ANO CONSECUTIVO**

- *Galicia sitúase entre as comunidades autónomas coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster universitario*
- *O vindeiro curso un estudante galego desembolsará a mesma contía que hai unha década para cursar estudos de grao ou máster nunha universidade do SUG*
- *O prezo das primeiras matrículas de máster non habilitante (orientados á especialización e á investigación) estableceranse en 11,89 euros/crédito, que quedan así unificados cos de grao e os máster habilitantes (necesarios para exercer unha profesión)*
- *Esta medida suporá un aforro estimado de 21,3 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, a razón de entre 308 e 1.150 €/familia en función do tipo de estudos*
- *Somos a única Comunidade que xa está cumprindo co obxectivo marcado polo Goberno de España de manter conxeladas as taxas para o vindeiro curso*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elevou hoxe ao Consello da Xunta un informe coa proposta de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/21.

A principal novidade é a proposta de baixar os prezos públicos das primeiras matrículas de máster non habilitante (enfocados a unha especialización de coñecementos ou á investigación científica), ata equiparalos aos prezos de grao universitario; así como manter conxeladas por décimo ano consecutivo as taxas de grao e de máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión).

Con esta decisión, o prezo medio de matrícula destes máster non habilitantes pasará dos 26,49 €/crédito actuais (por debaixo dos 31,06 €/c de media do conxunto do Estado) aos 11,89 €/c de media establecidos xa para os graos universitarios e os máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión). Polo tanto estamos a falar dunha baixada media de 14,6 euros por crédito en primeira matrícula; o que fai que Galicia encabece a primeira posición no ránking de CCAA máis económicas en canto a estes estudos.

Deste xeito, Galicia é a única Comunidade Autónoma no que un estudante universitario vai seguir pagando pola súa matrícula exactamente o mesmo que hai unha década; e sitúase entre as comunidades autónomas coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster universitario.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Esta medida supón aforro de máis de 21 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, que se reparten en contías que van de entre os 308 €/curso para un estudante de grao, os 660 €/curso para un estudante dun máster habilitante e os 1.150 €/curso no resto de máster universitarios.

Ademais somos a única comunidade autónoma do Estado que estamos cumprindo co obxectivo marcado polo Goberno de España de manter conxelados os prezos públicos universitarios para o vindeiro ano.

**Matrículas de grao**

No caso das matrículas de grao o prezo medio manterase por décimo ano consecutivo en 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 5,14 euros con respecto aos 17,03 €/crédito de media de España, sendo Cataluña a comunidade autónoma coas taxas máis elevadas, cunha media de 33,52 €/crédito.

As de grao acaparan o 90% do total de matrículas do Sistema Universitario Galego, polo que con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 308,40 euros ao curso en matrículas.

**Matrículas de máster**

No que atinxe aos máster, de cara ao vindeiro curso tamén se manterán conxeladas as taxas dos máster habilitantes e se rebaixan as dos non habilitantes ata unificalas cos dos habilitantes dos graos.

Coa rebaixa dos máster non habilitantes dos 26,49€/c este ano aos a 11,89 €/c do vindeiro curso, Galicia escala da quinta á primeira posición no ránking de CCAA canto ao prezo das matrículas nestes estudos. Falamos de 19,17 €/crédito menos cá media estatal, que se sitúa nos 31,06 euros.

O alumnado que cursa este tipo de máster non habilitantes representa o 7% do sistema. Canto ao aforro das familias con respecto á media estatal, sitúase nuns 1.150,20 €/curso e por estudante.

No caso dos máster habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), a taxa media de matrícula mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os estudos de grao), cun aforro de 11 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 22,89 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades galegas aforren unha media de 660 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 3% do conxunto do sistema.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**SANIDADE DESTINA MÁIS DE 700.000 EUROS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A LOITA CONTRA O covid-19 EN DIVERSOS HOSPITAIS**

- *Trátase de monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados e da ampliación das tomas para as necesidades básicas de gases medicinais e electricidade de cabeceiros de camas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia do expediente de contratación para subministrar monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados a diversos hospitais e realizar a actualización de cabeceiros da unidade de recuperación post anestésica (URPA) do Hospital Universitario de Ourense. O valor destas adquisicións ascende a un total de 712.908 euros.

Esta adquisición comprende 73 monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados que se distribuirán entre distintos hospitais, sendo 9 para o Hospital Universitario de Ourense, 24 para o Hospital Arquitecto Marcide, 15 para o Hospital Universitario de Coruña, 15 para o Hospital Clínico Universitario de Santiago e 10 para o Hospital de Conxo. A entrega destes monitores realizarase ao longo da semana que ven e o orzamento destinado á súa adquisición é de 700.929 euros.

Estes aparellos teñen por obxecto a monitoraxe continua de parámetros fisiolóxicos vitais para o control do paciente crítico. Son equipos de gama avanzada cunha pantalla de 15" que permiten ademais da monitoraxe de electrocardiograma de 12 derivacións en tempo real, observar os niveis de saturación de osíxeno, e a temperatura entre outras funcionalidades. Están deseñados en tecnoloxía fría, impedindo que se acumule e distribúa po e patóxenos, unha vantaxe para combater as infeccións intrahospitalarias.

O resto do orzamento ata completar o total, 11.979 euros, vai destinado á actualización de cabeceiros dos 20 postos da URPA do Hospital Universitario de Ourense. Con esta actualización vanse ampliar as tomas para as necesidades básicas de gases medicinais e electricidade. Esta ampliación realizarase durante esta fin de semana.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade facer provisión de materiais e recursos necesarios. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da Consellería de Sanidade, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APROBA UN PAQUETE DE AXUDAS DE 2,8 MILLÓNS DE EUROS PARA CONCELLOS PARA SUFRAGAR MEDIDAS SOCIAIS DE APOIO AOS MÁIS VULNERABLES ANTE OS EFECTOS DO covid-19**

- *Contémplanse tres liñas de financiamento destinadas a sufragar os servizos municipais de atención a persoas sen fogar, axudas de emerxencia social e bolsas de comedor para o alumnado das escolas infantís*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un paquete de axudas extraordinario por un montante total de 2,8 millóns de euros dirixido aos concellos. O obxectivo é apoiar ás entidades locais nos esforzos económicos que están a realizar durante esta crise causada pola pandemia da covid-19.

Esta iniciativa conta con tres liñas de financiamento. A primeira ascende a 1,2 millóns de orzamento e está destinada a sufragar os servizos municipais de atención ás persoas sen fogar. Con ela, contribuírase ás seguintes medidas que desenvolven os concellos: os espazos de aloxamento extraordinarios que se habilitaron no máis duro da crise, o reforzo de persoal para atender ás persoas en situación de rúa e os gastos derivados da cobertura das súas necesidades básicas.

En segundo lugar, un reforzo financeiro dun millón de euros para as axudas municipais de emerxencia social, que son semellantes ás Axudas de Inclusión Social (AIS) das que dispón a Xunta de Galicia. Trátase de contribuír as axudas que dan os concellos aos seus veciños máis necesitados, sexa por transferencia bancaria, cheque, vale, en efectivo ou en especie.

E a terceira liña de axuda é por 600.000 euros e diríxese aos concellos que crearon bolsas de comedor para o alumnado das escolas infantís municipais, do mesmo xeito que fixo a Xunta coas escolas infantís autonómicas.

Nesta medida, financiada cos fondos aprobados no Consello de Ministros do pasado 24 de marzo, maniféstase unha vez máis a vontade de colaboración que debe presidir a relación entre as distintas administracións. A Xunta remitiu hoxe mesmo unha comunicación a todos os servizos sociais municipais para que poidan acollerse a estas axudas extraordinarias. A súa distribución realizarase de acordo cos criterios establecidos no Decreto que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e en base ás solicitudes presentadas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### **A XUNTA MANTÉN O ESFORZO NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS ADAPTANDO O PLADIGA Á EMERXENCIA SANITARIA E INTENSIFICANDO A PREVENCIÓN CUN PLAN ESPECÍFICO NA MATERIA**

- *O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe as novidades do Pladiga 2020, que será presentado a continuación ao Consello Forestal antes da súa aprobación definitiva*
- *O documento incorpora o plan de prevención aprobado recentemente pola Administración autonómica, que suporá actuar en 46.000 hectáreas e en case 5.800 quilómetros de pistas e estradas*
- *Téñense en conta os protocolos necesarios para permitir o traballo do persoal en condicións óptimas de seguridade e hixiene durante a emerxencia sanitaria pola covid-19*
- *En canto a medios materiais e humanos, rexístrase unha maior capacidade de transporte de auga e amplíase un mes máis -ata seis- a presenza sobre o territorio do persoal fixo descontínuo*

A Xunta mantén este ano o esforzo, en termos de medios humanos e materiais, para facer fonte á campaña de risco alto de incendios forestais. Así se recolle nun informe sobre o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2020) que hoxe avaliou o Consello do Goberno galego. A continuación, esta actualización será presentada ao Consello Forestal de Galicia para que, unha vez oído este órgano, se proceda á súa aprobación.

Así, o Pladiga 2020 mantén as súas liñas básicas de actuación, pero incorpora algunhas novidades importantes, como son a súa adaptación ás condicións establecidas pola emerxencia sanitaria a causa da covid-19 e, sobre todo, a implementación dun completo e detallado plan de prevención.

Este documento, que foi aprobado polo Goberno galego o pasado día 8 de maio, suporá un investimento de 30,5 millóns de euros para actuar, con traballos preventivos, en preto de 46.000 hectáreas e en case 5.800 quilómetros de pistas e estradas. Ademais, prevé a construción de 121 novos puntos de auga e o mantemento dos 3.207 xa existentes, entre outras medidas.

Nesta planificación preventiva recóllense, fundamentalmente, accións sobre o territorio, que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e en intervencións de mellora da xestión forestal e das súas producións que redunden nun incremento do valor do monte, incidindo sobre todo na defensa das vivendas fronte o lume. Unhas actuacións que se iniciaron este luns 18 de maio e que se prolongarán, en principio, ata o 13 de xullo, sempre que o permitan as condicións climatolóxicas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

**Emerxencia sanitaria**

No que atinxe á adaptación do Pladiga á emerxencia sanitaria, o documento ten en conta os protocolos necesarios para permitir o traballo do persoal en condicións óptimas de seguridade e hixiene. Así, con motivo da emerxencia sanitaria pola covid-19, a Consellería do Medio Rural estableceu máis dunha ducia de instrucións e protocolos para os profesionais do Servizo, con esa finalidade. A implementación destas guías e protocolos foi trasladada tamén aos representantes dos traballadores en diferentes reunións de traballo. Estes documentos intégranse agora no Pladiga 2020.

Cómpre destacar, ademais, que o Pladiga 2020 recolle e pon en valor o esforzo realizado polos axentes ambientais e bombeiros forestais do Servizo durante a emerxencia sanitaria, levando a cabo arredor de 6.000 desinfeccións nos exteriores dos centros de saúde, residencias de maiores e discapacitados e outro tipo de instalacións, como parte da súa colaboración voluntaria para previr o contaxio do coronavirus. As desinfeccións, que estes traballadores realizaron de xeito totalmente voluntario, leváronse a cabo de forma recorrente en ata 200 municipios galegos con menos de 5.000 habitantes.

**Efectivos**

Con respecto aos efectivos e medios despregados, o Pladiga 2020 ten entre as súas novidades a dotación de maior capacidade de transporte de auga a través dos medios aéreos.

Tamén en relación co despregue aéreo, unha novidade do Pladiga 2020 é o incremento do número de drons utilizados para tarefas de vixilancia, apoio á extinción e investigación de incendios, estando previsto entregar en breve catro aparellos máis aos profesionais do Servizo, e adquirir outros seis, en total dez.

Polo demais, o dispositivo humano é moi semellante ao de anos anteriores, pero con maior presenza temporal dos efectivos sobre o territorio. Así, estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións, que terán á súa disposición 360 motobombas, entre outros medios terrestres. No caso das motobombas, o Pladiga tamén contempla a adquisición este ano doutras 11 motobombas máis para o parque móbil da Xunta e cederanse arredor doutras 5 a distintos concellos de Galicia.

No relativo ao despregue do persoal de terra, vese reforzado coa permanencia un mes máis dos efectivos fixos descontínuos, que o ano pasado estiveron sobre o terreo cinco meses e nesta campaña van estar seis. Neste aspecto, a Xunta consolida durante seis meses o traballo de case 1.000 persoas que no 2017 traballaban tres meses. Esta situación amosa a aposta firme da Xunta por profesionalizar e aportar maior estabilidade laboral ao servizo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**Melloras tecnolóxicas**

O Pladiga 2020 introduce tamén diversas melloras tecnolóxicas, que se centran por exemplo na potenciación das aplicacións informáticas coas que conta o persoal do servizo para a loita contra o lume. Así, intégranse novas funcionalidades, como a visualización actualizada de imaxes vía satélite, a compartición de pantalla entre varios usuarios ou a implementación de *shapes* (formas, siluetas) provisionais de evolución do lume.

Ademais, tamén se contará con información en tempo real, para a xestión dun incendio sobre o territorio, nas propias *tablets* coas que contan actualmente os axentes e técnicos. Inclúense datos cartográficos actualizados como puntos de auga, límites administrativos ou espazos protexidos, así como busca de topónimos e puntos quilométricos, localización GPS dos recursos asignados, rutas de acceso seguidas polos primeiros recursos en chegar, información da evolución do lume e fotografía xeorreferenciada ou capacidades de edición para indicar puntos de encontro, devasas, perímetros provisionais do lume etc.

No Pladiga 2020 actualízase tamén a información relativa ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI). Neste caso, o número delas redúcese este ano en máis do 60%, ao pasar das 71 existentes no 2019 a 28 este ano. Esta cifra axústase cada ano en función de criterios técnicos, relacionados ben con número de lumes rexistrados nestas parroquias ou ben coa súa virulencia.

En definitiva, o Pladiga ten como obxectivo xeral o de reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.